

Faro *da* Cultura

Contra Zugarramurdi

A monarquía fronte ás meigas

JOAQUIM VENTURA

Cando aínda temos frescos os premios Goya obtidos pola última película de Álex de la Iglesia, *Las brujas de Zugarramurdi*, o antropólogo Mikel Azurmendi proponos nun ensaio homónimo (editado por Almuzara) unha revisión das razóns que levaron, a comezos do século XVII, a que a poboación do Lapurdi e da zona pirenaica de Navarra fose obxecto dunha implacable persecución por supostas prácticas relacionadas co Demo.

A tese do profesor vasco –que estuda máis a represión que houbo do lado español en comparación coa do lado francés, malia que esta multiplícase por catro a primeira– é todo aquilo respondía ao intento das monarquías absolutas de impoñer un pensamento único –que diríamos en palabras de hoxe– canto á ideoloxía político-relixiosa do Estado (recente aínda o concilio de Trento).

Unha represión que comezou por razóns de interese persoal: a emigración desde as zonas rurais aos puñxantes portos de San Xoán de Luz e Baiona provocou ataques armados e acusacións de bruxería por parte do señor de Urtubi-Alzate; a conversión de Zugarramurdi en concello e a súa desvinculación do mosteiro de Urdax levou a que o abade actuase de maneira semellante. Accións represivas arbitrarias que, contra do parecer do parlamento de Bordeos, foron feitas na parte francesa polo comisionado real DeLancré, circunstancia aproveitada por dous inquisidores de Logroño, Becerra e Valle, para inventar e reprimir unhas prácticas que para eles atentaban contra a relixión.

Alonso de Salazar Frías, un terceiro inquisidor discrepante dos seus colegas, fixo un detallado informe que o historiador danés G. Henningsen atopou en 1967 no AHN de Madrid. A partir da transcripción feita por este, Azurmendi intenta desentrañar as razóns daqueles procesos. O seu fío argumental estaría baseado en diversos presupostos como serían a condición de analfabetos e vascofalantes monolingües da maioría dos la-

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, FARO DA CULTURA retrasa o seu próximo número para o sábado, 17 de maio.

bordanos (circunstancias que entrarían en conflito co sector instruído da sociedade), a coincidencia duns fanáticos que acreditaban nas capacidades do Demo para se gañar ás persoas inxenuas ou a desconfianza dos xuíces en certos xeitos ancestrais como a práctica do perdón colectivo cando algunha persoa era sinalada como meiga a

causa de desgrazas inexplicables de orixe natural (práctica que non sería privativa dos vascos xa que en Cataluña se empregaban os chamados *comunidores* para refuxio dos cregos que conxuraban os trebóns).

Pero sen negarlle rigor ao traballo de Azurmendi, e sen discutir a brutalidade dos inquisidores Becerra e Valle, con Zugarramurdi sucedeu aquilo da fama que leva o Miño mentres é o Sil quen leva a auga. Se repasamos o mapa da represión da bruxería na Europa dos séculos XVI e XVII, os dezaioito mortos de Zugarramurdi e as oitenta execucións ordenadas por

DuLancré non pasarían de trágica anécdota en comparación coas 1000 execucións de Dinamarca, as 2000 de Lorena ou as 3000, nada menos, do cantón suízo do Vaud.

A actuación da Suprema foi garantista canto aos procedementos xudiciais e os dereitos dos acusados, e así o reconece Azurmendi, que atribúe á Igrexa católica ter condura dabondo como para facer de contrapeso das inercias culturais cara á hostilidade. Inclusive, a Inquisición española estableceu –e foi o primeiro tribunal europeo en facelo– que as condenas por bruxería e trato co diño non serían de morte.

A mellor reflexión de Azurmendi é a relativa á alienación que aqueles feitos supuxeron. Penso que esa alienación foi a que levou á manipulación da bruxería como expresión feminista, alternativa, festiva, nacionalista ou a despropósitos como a película de Álex de la Iglesia.



Vista da cova de Zugarramurdi (Navarra).



Recreación do proceso ás meigas.



FOTO: XÓAN ÁLVAREZ

ARTE: ARREDOR DE EROS E THANATOS / PÁX. III

ENTREVISTA COA ESCRITORA BERTA DÁVILA / PÁX. V

ESCENA: O SALÓN DE COMPOSTELA / PÁX. VIII